

Flavio López López

A
irrelixiosidade
en Occidente:
a súa historia
e vicisitudes

EDICIÓNS

laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

Flavio López López



Flavio López López (Becerreá, 1953) é doutor en Dereito na especialidade de Ciencias da Saúde pola Universidade da Coruña. Ten unha longa carreira como funcionario público no sector sanitario. Foi avogado laboralista nos primeiros anos do seu exercicio profesional e despois xa se consagrou durante máis de trinta anos ao dereito da saúde. Nese eido, ten publicado diversos traballos en revistas científicas da especialidade e obras relacionadas coas ciencias da saúde e dereito sanitario, nomeadamente *El sistema sanitario público: una gestión imposible?* A presente obra é o seu primeiro ensaio de carácter histórico.

Limiar

Esta pequena obra intenta abordar a existencia no seu devir histórico da irrelixiosidade, como fenómeno consistente na ausencia de relixión e a súa innecesariedade ou irrelevancia para arrostrar os avatares da vida humana.

O obxecto analizado de xeito moi sucinto en canto mero opúsculo contrasta coa profusa dedicación dos estudosos en xeral á historia das relixións de toda índole cun ámbito realmente amplísimo de atención, xa que se abarca non só as do orbe occidental, máis tradicionais ou notorias, como as denominadas do Libro por estaren sustentadas en textos cualificados polos seus turiferarios de sagrados, casos da hebrea, a cristiá e a musulmá, senón tamén infinidade de relixións do ámbito oriental, de amplísimo seguimento e con maior ou menor ensulla, fondura e atractivo: budismo, taoísmo, hinduísmo e outras moitas de cita imposible, por innúmeras.

Esta profusa análise histórica operada sobre o conxunto das relixións, con especial atención á que máis nos atinxe – polas súas implicacións e dependencia–, a cristiá católica, non está exenta de parcialidade e dunha falta manifesta de espírito crítico –agás escasísimas excepcións–, malia que iso, en realidade, resulte alleo ao noso cometido, que apunta precisamente a detectar a presenza histórica da irrelixiosidade como actitude contraria á das relixións estudadas.

Tamén os investigadores lle prestaron atención na súa vertente histórica ao ateísmo, con dedicacións moi interesantes, que intentaron e conseguiron indagar e informar sobre as posturas de rexeitamento á relixión oficial, caso sobre todo da cristiá e as súas variantes, coas consecuencias desprezables que tal disentimento ou clara negación tiveron para as súas vidas, a meirande parte das veces coa súa eliminación das formas máis atroces.

Eses estudos, eminentes e sumamente ilustrativos na maior parte dos casos, proviron de pensadores disidentes, moi críticos coa relixión oficial e na xeneralidade deles enfasiados e asemade abafados das infamias e miserias operadas, sobre todo e de xeito moi relevante, pola relixión cristiá nas súas variantes e de forma moi especial o catolicismo¹.

O presente traballo, minúsculo polo seu contido, malia que arelamos que evocador, non trata tanto de evidenciar a oposición histórica, moi meritoria polos sacrificios que implicou, ás relixións oficiais e totalitarias –como os estados que as sustentan, cun recíproco aproveitamento– senón de alumar, como postura na súa evolución histórica, a irrelixiosidade, no tocante á ausencia de relixión, por carente de necesidade. Malia que ambos os dous temas coliden e asemade se imbrican, por canto, loxicamente, onde se concita a irrelixiosidade hai unha previa crítica e rexeitamento máis ou menos explícito ou divulgado da relixión imposta.

Por outra banda, a pertinencia e oportunidade dun estudo destas características xustifícase amplamente por mor da suma determinación imposta polas relixións, e o catolicismo en particular, nos tempos actuais, con moitos séculos de percorrido e enormes avatares; determinación e condicionantes reais malia a presunta aconfesionalidade ou, cando menos, non oficialidade dos credos relixiosos nas constitucións ou sistemas políticos dos estados da civilización occidental.

1 Para quen lle interese esa operación de esexese da resistencia ao cristianismo e no seu caso ás outras relixións totalitarias e excluíntes, a maioría, polo demais, do ámbito occidental –que contrasta claramente coa maior tolerancia dos credos orientais, casos destacables do budismo, taoísmo e o propio hinduísmo, aínda que non sempre dispoñían de poder e podían verse privados da supremacía– son recomendables as obras varias de Michel Onfray, desde o seu *Tratado de Ateleoloxía* ata a *Contrahistoria da Filosofía*; George Minois, *Historia do Ateísmo* –verdadeiro divulgador da temática máis heteroxénea e en todo caso moi curiosa–; e Raul Vangsein, na súa coñecida obra *A resistencia ao Cristianismo*.

Curiosamente, en España aínda se mantén o recoñecemento constitucional da relixión católica; dato realmente preocupante en canto que evidencia que non se quere admitir a total separación do ámbito relixioso respecto ao de convivencia política, situando sen ambaxes o primeiro no marco estritamente privado dos cidadáns. E tal influencia implica que se impidan, con proscrición e condena nesos estados occidentais, actuacións que resultan en moitos casos imprescindibles para os sufridos e pacientes cidadáns, supostos moi rechamantes como:

—A eutanasia ou morte digna en caso de enfermidade ou situacións insostibles, e non como mero remedio a circunstancias extremas en que consisten os chamados coidados paliativos —eufemismo verdadeiramente sanguento— e mesmo —que de seguro resulta imposible de debater e provoca, xa non o rexeitamento senón a fuxida de calquera interlocutor ben pensante—, de non ser pola relixión e o seu imperio, cabería pensar, a teor da evolución experimentada pola civilización occidental e os seus logros, que é válida a pretensión de que o propio estado, a través do sistema sanitario público, operativo na meirande parte dos países da Europa máis avanzada, garantise o dereito á eutanasia a todos os beneficiarios do sistema que libre e voluntariamente a demanden, como unha prestación máis dentro do catálogo existente.

Pero, visto o visto e a propia posición dos partidos políticos e grupos de opinión relevantes nestes países, a única saída plausible pasa pola solución máis lábil que contén a actual lei aprobada maioritariamente no Parlamento, coa oposición dos partidos que precisamente, de forma directa ou solapada, se adhiren aos predicados cristiáns. Esta solución adoptada, de enorme transcendencia sen dúbida dada a situación imperante nas épocas pretéritas vividas, non deixa de evidenciar unha actitude timorata e con medo a soltar amarras legais no exercicio do dereito a dispor da propia vida —evidentemente sen

colisión cos dereitos dos demais e con todas as garantías de plena consciencia— en claro e rechamante contraste co liberalismo e tolerancia desbocados que se constatan verbo doutros dereitos —certamente, a forza da relixión, sinuosa e cun longo percorrido histórico, inflúe e modula as actitudes mesmo de xeito inconsciente—. E o acontecido no noso país resulta moi similar ao concitado no mundo occidental que gozou e goza do legado da ilustración.

—O suicidio, tachado de acto execrable, detestado e condenado sen paliativos, ou cando menos visto con conmisericordia e pena respecto aos que asumen e executan libremente a terminación da súa vida, aos que, ademais, se cualifica de enfermos mentais ou débiles de espírito.

—O aborto, cuxa práctica segue vedada e proscriba en moitos estados confesionais ou de notable influencia da relixión, coa aplicación de condenas penais para quen o execute. Non só xa concibido como dereito para exercitar sen atrancos ou limitacións, que é o máis desexable, senón mesmo excluído nos supostos máis críticos de malformación do *nasciturus*, ou de violación ou abuso da futura nai; situación sanguenta e inadmisíbel en calquera sociedade e estado que faga uso da razón.

—A educación, como elemento primixenio e nuclear de calquera sociedade que se prece, que historicamente estivo sometida de maneira extrema á influencia da relixión, no mundo occidental, a cristiá ou católica, coa introdución do credo relixioso nos programas e sistemas educativos, á par que se rabenaba calquera asomo de espírito e pensamento libre contrario a ese credo, ou que simplemente transmitise valores laicos.

Así e todo, esta influencia, perfectamente constatada na evolución histórica das nosas sociedades, non desapareceu totalmente na actualidade, tal excrecencia lamentable, senón que en países coma o noso aínda se mantén, polo menos

subrepticamente e de forma solapada, ben co mantemento do estudo da relixión católica como única materia ou área de coñecemento relixiosa, coa conseguinte preterición dos credos restantes —algúns deles altamente atractivos, sen dúbida moito máis que o cristián, para a saudable formación dos cidadáns—, ben co apoio indirecto do estado, a través do sistema do concerto a entidades de ensino dependentes en altísimo grao da sacrosanta Igrexa católica.

A actual polémica xerada co proxecto legal do goberno, ulterior lei, sobre a reforma do ensino evidencia a teima dos poderes eclesiásticos e os seus aliados políticos, visibles ou encubertos, por evitar que no eido do concerto se limite polo menos esa ominosa influencia e determinación.

—Outras actitudes e posturas que adoptan os estados, socialmente moi conservadoras e acordes en puridade cos predicamentos da relixión católica, ou en xeral cristiá, que xestou sen dúbida o establecemento de sistemas políticos ultra-conservadores, cuxos mentores de forma patente aluden e proclaman, con énfase e fachenda, as súas raíces cristiás, caso modélico de Polonia e Hungría, entre outras lindezas actuais.

—Finalmente, a influencia da relixión marcou, mesmo inconscientemente, as nosas actitudes e propia conciencia, en resposta ás situacións de inxustiza e desigualdade intolerables que se mostran en todo o eido planetario e tamén nos países occidentais.

En efecto, as actuacións seguidas para facerlles fronte pasan por unha actitude de indulxencia caritativa, tal *evergetismo* ao xeito da antigüidade clásica, tinguida de solidariedade e coa finalidade de calar as nosas malas conciencias —operación interna á que a relixión nos afixo, malia non sermos estritamente crentes— co uso de mecanismos de axuda ou protección *ad hoc*, non xa só dirixidos e focalizados no denominado “terceiro mundo”, senón, mesmo, como mecanismos

e sistemas operativos no noso “primeiro mundo” respecto dos máis desfavorecidos polo sistema imperante. Con tal proceder, en puridade relixioso –dada a postura de case todos os credos e as súas Igrexas no decurso da historia, de xeito moi especial e notorio a católica–, omítese calquera mudanza ou actuación cando menos sería que procure, substancialmente, se non eliminar polo menos paliar de forma importante, sen parches ou simples arranxos, a sorte dos máis desfavorecidos pola fortuna do sistema capitalista. O sentimento da caridade segue, pois, moi inmerso en todos nós. Por iso cómpre librar-se da relixión e dos seus avatares, estes últimos moi amplos hoxe en día, que se manifestan nun conxunto de seitas ou movementos evanxélicos e similares chanzas².

Convén así mesmo subliñar que o estudo do fenómeno da irrelixión resulta máis gravoso có da súa contraria, xa que, como resulta indubidable, a relixión atufou e segue a atufar o conxunto da humanidade, que por circunstancias varias recorreu a ela como agarradoira das súas debilidades e miserias, polo que detectar a súa ausencia durante un moi dilatado período histórico, como se verá, require un esforzo moi notable e con resultados de difícil verificación.

Finalmente, para concluír este preámbulo, cómpre sinalar que o estudo só analiza a historia da irrelixiosidade occidental, en canto nos resulta máis familiar a todos, incluído

2 Tanto é así que polos estudosos das relixións, especialmente a cristiá, se fala dunha nova relixión imperante en parte do mundo occidental, moi infantil, carente de dogma ou mínimos coñecementos básicos que poidan sustentar un credo relixioso, que se basea máis na emoción e seguimento gregario que na necesaria retrospección, recollemento e seriedade na exposición do feito relixioso. Consonte estes estudosos, a relixión tradicional está en verdadeiro perigo, substituída por estas malas imitacións e debe reencontrarse consigo mesma, cuestión que, obviamente, a nós nos resulta totalmente allea, nin sequera desde o punto de vista ético axiolóxico, como se razoará máis adiante. A quen lle resulte atractiva esta posición e controversia suscitada, en relación sobre todo coo pretendido fracaso do pensamento ilustrado no eido moral, cabe recomendarlle a lectura do libro de Alasdair Macintyre *Trala virtude*.

o seu redactor, sen menoscabo de recoñecer dúas cuestións moi relevantes sobre outras relixións, caso especial das asiáticas: a súa fondura no tratamento e configuración do feito relixioso, altamente especulativa e de gran racionalidade, e a emotividade, casos do budismo e as súas escolas ou do taoísmo, este último moi evocador e que nos acouga e traslada a valoracións e posturas vitais desdeñadas, cando non desbotadas, pola cultura e a propia filosofía occidental³, ademais de útiles para a intelixencia e acordes pois co seu bo uso, supoñen unha verdadeira catarse en canto que libran todo o lastre putrefacto que acompaña a historia relixiosa. E a segunda cuestión, a existencia dentro de Oriente de actitudes e propostas de irrelixiosidade ou cando menos ateísmo, posición que tivo os seus seguidores en determinadas escolas materialistas da India e que sen ir máis lonxe pode albiscarse no propio budismo, aínda que sexa implicitamente ou de xeito tanxencial e se se quere nalgunha das súas escolas máis acordes coa mensaxe literal ou estrita de Buda, coa eliminación de toda connotación escatolóxica, na súa visión única como filosofía que vai na procura da paz, ao desembarazarse dos medos ou temores que atenazan ao ser humano sufrinte⁴. Ademais, dado o carácter da obra, búscase operar unhas conclusións sobre o tema da ausencia histórica de relixión, como contraste ao seu empacho histórico, e para concluír resulta obrigado fuxir do debate sobre o alcance e detalles máis concretos dos credos e propias posturas que os sustentan, obxecto sen dúbida dunha ampla análise histórica, atractiva como tal pero inútil para o obxectivo formulado.

3 Sobre isto, desde unha posición moi rompedora e chocante, cómpre recomendar a lectura dos libros de François Julian dedicados ao pensamento chinés, en particular e no seu contraste co occidental.

4 Resulta moi ilustrativo o debate sobre as características do alcance do Nirvana na concepción budista o recente libro do especialista francés Philippe Cornu sobre o budismo *O budismo: unha filosofía da felicidade*.

Para reforzar o seu contido e asemade satisfacer as presumibles necesidades dos posibles recipiendarios, isto último como tarefa primordial, xúntase unha ampla bibliografía comentada, que por unha banda busca apuntalar e xustificar as posicións expostas na presente *opus minus* e, por outra, propoñer coa súa lectura unha satisfacción estética como a operada ao autor, malia que moitas destas obras alenten posicións precisamente non irrelixiosas ou cando menos neutras; así e todo, a beleza de exposición e a temática abordada resultarán con seguridades pracenteiras para os seus lectores.

ÍNDICE

Limiar.....	7
Preliminares	15
Antiga Grecia	20
Relixión tradicional e cultos místéticos.....	20
Mitos	25
Filosofía	28
Conclusións.....	47
Roma antiga	49
Roma versus Grecia	49
Relixión tradicional.....	52
Filosofía: ascenso e predominio do estoicismo.....	55
Conclusións.....	64
Antigüidade serodia	65
Mera continuidade ou decadencia?	65
Emerxencia do pensamento único e a súa consolidación	68
Ecclesia Triumphalis.....	77
Conclusión e reflexión finais.....	90
Unha longa idade media.....	93
Idade media estrita. Alta, central e baixa idade media.....	94
Actividade política, marco social e doutrinal	95
Aspectos da vida cotiá.....	134
O renacemento	145
A reforma	151
A contrarreforma.....	154
O movemento libertino	159
As luces radicais.....	162
A ilustración	166
Espírito crítico.....	167
Novas ideas políticas.....	168
Impacto no ámbito relixioso.....	171
Mudanzas culturais e sociais.....	175

Revolucións.....	177
Aspectos políticos e sociais.....	184
Aspectos relixiosos	190
Aspectos culturais e artísticos	192
A xeito de epílogo. Modernidade, posmodernidade, incerteza.....	196
Conclusións xerais	203
Reflexión final.....	210
Bibliografía comentad	214
Presentación	214
Preliminares	217
Antiga Grecia	218
Roma antiga	223
Antigüidade serodia	224
Unha longa idade media.....	229

